



A MALETA MARIÑEIRA

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), a través do seu **Centro de Documentación Ambiental**, pon a disposición de todos os centros educativos de educación primaria e secundaria unha colección de libros informativos e álbums ilustrados sobre a temática do medio mariño.



14 VIDA SUBMARINA



As maletas nacen co obxectivo de dar a coñecer promover a cultura mariña e o coñecemento dos océanos na comunidade educativa, así como as actuais problemáticas ambientais que ameazan a súa conservación, como a emerxencia climática ou o lixo mariño. Un recurso de apoio e complementario ao traballo desenvolvido nas aulas, co fin último de fomentar a reflexión e a adopción de actitudes e comportamentos positivos cara á conservación dos océanos.

As maletas mariñeiras forman parte do programa 'Por unha Transición Ecolóxica' que o CEIDA desenvolve co apoio da Deputación da Coruña, e apoian o Obxectivo número 14 "Vida submariña" dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible para o ano 2030 (Axenda 2030), cuxa finalidade é conservar e empregar de forma sostible os océanos, os mares e os recursos mariños.

LIBROS EDUCACIÓN PRIMARIA: 1º E 2º CICLO



Os océanos (Biblioteca Básica Os Bolechas)

Autor: Pepe Carreiro.

Editorial: Bolanda

Ano: 2015

Sinopse: A Tatá gústalle moito mirar o peixe do seu acuario pero é un bebé e non sabe que no mar viven millóns de peixes xunto con outros animais, algas e plantas. Con este libro o alumnado aprenderá moitas cousas sobre os océanos, coñecerá as diferentes zonas que o forman e quen habita en cada unha delas, ademáis das ameazas que poñen en perigo a súa conservación.




Un día en el océano

Autora: Ella Bailey

Editorial: SM

Ano: 2019

Sinopse: Acompañaremos a unha cría de golfinho nun día da súa vida cotiá para descubrir como é a vida no océano, e con el coñeceremos máis de 50 especies que viven nos nosos mares.



Buenas noches océano

Autores: Becky Davies, Carmen Saldaña.

Editorial: Timun Mas

Ano: 2020

Sinopse: Mergúllate nas profundides do océano, descubre criaturas espectaculares, nada entre alfombras de coral... e acompaña aos peixes a descansar cando cae a noite. Un libro rimado para dar as boas noites ás pequenas criaturas que se agochan baixo o mar.



Animales del océano

Autora: Cynthia Orensztajn

Editorial: Catapulta

Ano: 2020

Sinopse: Para coñecer e escoitar ás baleas, ás gaivotas, aos lobos mariños, aos golfinhos, aos pelícanos, aos cangrexos.. este libro inclúe un cuadernillo con información e actividades sobre os animais e unha plataforma de sons onde encaixar as figuras dos animais troqueladas.



Mi primer libro sobre los mares y océanos

Autores: Jane Newland, Matthew Oldham

Editorial: Usborne

Ano: 2018

Sinopse: Cheo de criaturas sorprendentes, escenas mariñas cautivadoras e centos de recursos subacuáticos, este recurso

achéganos á biodiversidade dos océanos, así como aos beneficios que éstos nos proporcionan, como fonte de alimento ou como sistema de transporte marítimo.



Aventuras en el océano

Autora: Neil Clark

Editorial: Susaeta

Ano: 2019

Sinopse: Os océanos están cheos de vida e neles habitan moitos seres. Acompaña a Robito nunha viaxe facinante baixo as ondas do mar, mergúllate na súa nave e decubre dende os coloridos arrecifes de coral ata as profundidades máis escuras e xeadas dos nosos océanos.



Mi gran océano

Autora: Katrin Wiehle

Editorial: Lóguez

Ano: 2019

Sinopse: No gran océano viven moitos animais diferentes. Entre os fentos agóchanse pequenos cangrexos e máis lonxe desprázanse bancos de peixes. Xigantes do océano atravesan o mar aberto e nos corais tropicais amontónanse peixes de múltiples cores. Incluso no profundo e escura océano e no xeo do Ártico nadan animais. Un libro para mergullarse na enorme biodiversidade dos nosos mares.



Busca y encuentra en el océano

Autores: Thierry Laval, François Sarano, Stéphane Durand.

Editorial: SM

Ano: 2020

Sinopse: Un libro con 12 páxinas desplegadas que mostran divertidas escenas da vida nos mares e océanos: animais mariños en perigo de extinción ou xa desaparecidos, os polos, bosques de kelp, os fondos abisais, alta mar e os arrecifes de coral. A través das ilustracións aprenderán a identificar os recursos mariños e enriquecer a súa linguaxe.




Salvemos los océanos

Autora: Lucía Serrano

Editorial: Anaya

Ano: 2020

Sinopse: Colección adicada aos obxectivos da Axenda 2030 de Nacións Unidas. Este volume traballa o obxectivo 14, adicado á vida submariña: conservar e empregar sostiblemente os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sostible.



El brillo del coral

Autoras: Cristina Etxabe, Maite Márquez

Editorial: Mensajero

Ano: 2020

Sinopse: Unha historia que axudará a reflexionar sobre a

ameaza que supón a contaminación, o plástico e o cambio climático para os océanos. A través da cor do coral, o libro pretende transmitir aos nenos e nenas a necesidade de coidar o mar e a enorme vida que alberga.




El mar enfermo

Autora: Violeta Monreal

Editorial: Everest

Ano: 2020

Sinopse: Tati, a gardiana do mar é protagonista desta historia rimada, concienciada das dificultades que ameaza o noso planeta a causa da contaminación dos océanos, trata de chegar aos nenos e nenas para que sean conscientes desta problemática ambiental global.



Cores no mar

Autora: Jenni Erkintalo

Editorial: Hércules de Ediciones

Ano: 2021

Sinopse: Os pinceis con cores primarias teñen unha importante tarefa. Os animais mariños precisan dunha nova capa de pintura! Un libro didáctico e divertido para achegarse á diversidade da fauna mariña e coñecer as súas cores.



Plástico: pasado, presente y futuro

Autora: Eunju Kim, Jiwon Lee

Editorial: Juventud

Ano: 2021

Sinopse: En 1992, un naufraxio envía miles de xoguetes de baño de plástico á deriva polo océano. Curiosamente, os xoguetes non se desintegran a pesar da súa longa viaxe. A partir deste feito, os lectores coñecerán como xurdiu o plástico, como se fabrica, e as consecuencias do uso excesivo deste material no medio mariño.



Mi pequeño mar

Autora: Katrin Wiehle

Editorial: Lóguez

Ano: 2016

Sinopse: A foca, o cangrexo e a gaivota móstrannos onde viven e todo o que se pode descubrir no mar e na praia. A través de sinxelos textos e debuxos, os nenos e nenas aprenderán sobre o mar como lugar habitado que é preciso conservar.

O CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

O Centro de Documentación Ambiental do CEIDA é único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia.

As maletas viaxeiras non son o único servizo que ofrece aos centros de ensino galegos. Conta con máis de 28.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio para a realización de actividades de carácter ambiental ou para profundizar nos contidos recollidos nesta selección de lecturas verdes.

ACCEDE AO CATÁLOGO EN LIÑA:

<https://documentacion.ceida.org>

CONTACTA CO PERSOAL DO CENTRO:

documentacion@ceida.org - 981 630 618